

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CANGAS****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO, PROGRAMA ENREDOS**ANUNCIO*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas, en sesión ordinaria celebrada o 6 de novembro de 2017, ao amparo do artigo 4 da Ordenanza Reguladora de prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo Concello (BOPPO nº 38 de 23/02/2012) acordou a aprobación dos seguintes presos públicos para o pago das actividades do programa "Enredos":

- * Por semana enteira. 25 €/ semana
- * Tres día a semana (Luns, mércores e venres) 15 €/semana
- * Dous días a semana (martes e xoves) 10 €/semana
- * Campamento náutico 1 quincena. 45 €
- * Comedor 4 €/día.
- * Actividades sen comedor 5 €/día

Cando o importe a aboar por unha familia supere os 200 €, poderá fraccionarse o pago, a petición do/a interesado/a realizándose do seguinte xeito: 1º pago 50% no momento de realizar a inscrición, 2º pago 50% na semana anterior ao inicio da actividade. Para solicitar o pago fraccionado deberá domiciliarse o 2º pago.

4.—As persoas solicitantes das actividades poderán optar a unha bonificación sobre a taxa establecida en base a cumprir unha serie de requisitos:

1º.—Desconto por varios irmáns: A inscrición dos irmáns terá unha bonificación do 50% cada un deles a partires do 2ª inscrición.

Esta bonificación somentes se aplicará sobre o prezo das actividades e non sobre o prezo do comedor.

2.—Desconto tendo en conta a a situación económica do solicitante e o seu cónxuxe ou parella. Para ter dereito a esta bonificación as persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude xunto coa documentación requerida e no prazo establecido que coincidirá co periodo de inscrición no programa Enredos. Dita documentación servirá de base para realizar o cálculo dos ingresos mensuais tendo en conta tódolos ingresos do solicitante e cónxuxe ou parella, que



Xoves, 14 de decembro de 2017

Núm. 238

comprenderán pensións e prestacións de previsión social (calquera que sexa o seu réxime), rendementos do traballo, rendementos de capital mobiliario e inmobiliario, rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

As bonificacións serán as seguintes:

- Bonificación do 100 % do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares perceptoras da RISGA ou cunha renda igual ou inferior a contía desta prestación [Ingreso mínimo: 75 % do IPREM (403,38 €) + Complemento familiar: 14 % do IPREM mensual adicional polo 2º membro (75,29 €) ; 12 % adicional polo 3º (64,54 €) ; 10 % adicional polo 4º e sucesivos (53,78 €) + Complemento de alugamento: 10 % adicional (53,78€), sempre que se xustifiquen gastos por dito concepto]

| <i>Nº DE MEMBROS DA FAMILIA</i> | <i>INGRESOS ANUAIS</i> | <i>INGRESOS MEDIOS</i> |
|---------------------------------|------------------------|------------------------|
| Familia de 2 membros | 6.389,40 € | 532,45 €/mes |
| Familia de 3 membros | 7.163,88 € | 596,99 €/mes |
| Familia de 4 membros | 7.809,24 € | 650,77 €/mes |
| Familia de 5 membros | 8.454,60 € | 704,55 €/mes |
| Familia de 6 membros | 9.099,96 € | 758,33 €/mes |

- Bonificación do 85 % do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125 % da contía da RISGA (Ingreso mínimo + Complemento familiar + Complemento de alugamento).

| <i>Nº DE MEMBROS DA FAMILIA</i> | <i>INGRESOS ANUAIS</i> | <i>INGRESOS MEDIOS</i> |
|---------------------------------|------------------------|------------------------|
| Familia de 2 membros | 7.986,75 € | 665,56 €/mes |
| Familia de 3 membros | 8.954,75 € | 746,24 €/mes |
| Familia de 4 membros | 9.761,55 € | 813,46 €/mes |
| Familia de 5 membros | 10.568,25 € | 880,69 €/mes |
| Familia de 6 membros | 11.374,95 € | 947,91 €/mes |

- Bonificación do 60% do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125 % do IPREM + 15 % adicional por cada membro da unidade familiar.

| <i>Nº DE MEMBROS DA FAMILIA</i> | <i>INGRESOS ANUAIS</i> | <i>INGRESOS MEDIOS</i> |
|---------------------------------|------------------------|------------------------|
| Familia de 2 membros | 8.067,54 € | 672,30 €/mes |
| Familia de 3 membros | 9.277,67 € | 773,15 €/mes |
| Familia de 4 membros | 10.487,80 € | 874,00 €/mes |
| Familia de 5 membros | 11.697,93 € | 974,85 €/mes |
| Familia de 6 membros | 12.908,06 € | 1.075,70 €/mes |



Xoves, 14 de decembro de 2017

Núm. 238

- Bonificación do 50% do custe do servizo de comedor escolar para os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 150 % do IPREM + 15 % adicional por cada membro da unidade familiar.

| <i>Nº DE MEMBROS DA FAMILIA</i> | <i>INGRESOS ANUAIS</i> | <i>INGRESOS MEDIOS</i> |
|---------------------------------|------------------------|------------------------|
| Familia de 2 membros | 9.681,05 € | 806,76 €/mes |
| Familia de 3 membros | 11.133,21 € | 927,77 €/mes |
| Familia de 4 membros | 12.585,37 € | 1.048,78 €/mes |
| Familia de 5 membros | 14.037,53 € | 1.169,79 €/mes |
| Familia de 6 membros | 15.489,69 € | 1.290,80 €/mes |

As bonificacións previstas neste artigo non son acumulables.

5.—Se, unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puiden asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.

Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no apartado anterior, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

A solicitude poderá presentarse no rexistro xeral do Concello de Cangas, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na lei.. Deberá dirixirse ao Alcalde /presidente.

Documento asinado electrónicamente

